



ACTA DE VALORACIÓN DO SOBRE B, DENOMINADO DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PONDERABLES EN FUNCIÓN DUN XUÍZO DE VALOR PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO ABERTO, CONVOCADO PARA A CONTRACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO “CICLO INTEGRAL DA AUGA” NO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 14:00 horas do día 11 de novembro de 2014, reúñese a Mesa de Contratación designada no **PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DENOMINADO “CICLO INTEGRAL DA AUGA” NO CONCELLO DE AMES, MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESIÓN.**

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASISTENTES:

Presidente: O alcalde do concello de Ames don Santiago V. Amor Barreiro.

Vogais:

- 1. A Secretaria do concello, dona Rosa Ana Prada Queipo
 - 2. O interventor do concello, don José Antonio Rueda de Valenzuela
 - 3. A concelleira delegada de Medio Ambiente, dona María Eugenia Martín Vicente
 - 4. A arquitecta técnica municipal do concello, dona María Gamundi Fernández
- **Secretaria:** María Ofir Aboy García, funcionaria do departamento de secretaría.

Asisten ao acto de valoración dos Sobres B, dona Pilar López Lois con DNI 44.817.197-H e Xaquin Beiroa Raposo con DNI 44.809.216 que representan á empresa IDOM INGENIERIA Y CONSULTORIA S.A a cal lle foi encomendada a labor de apoio á mesa de contratación mediante a valoración dos sobres B antes do acto de apertura de ofertas económicas e de acordo cos criterios e a ponderación establecidos no prego.

Os criterios de adxudicación ponderables en función dun xuízo de valor son os seguintes:

1. Proxecto de organización dos servizos: ata 12 puntos.

- 1.1. Organización pranteada do servizo que permita garantir a calidade do servizo suxeita ás dimensións actuais do cadre de persoal: ata 6 puntos.
- 1.2. Medios materiais e técnicos postos a disposición dos servizos: ata 6 puntos.

2. Metodoloxía de xestión e mellora dos servizos: ata 13 puntos.

- 2.1. Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións e rede de abastecemento: ata 5 puntos.
- 2.2. Plan de control de calidade da auga potable: ata 2 puntos.
- 2.3. Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións e rede de saneamento: ata 2 puntos.
- 2.4. Plan de control de verteduras e fugas de saneamento: ata 2 puntos.
- 2.5. Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das EDARs e estacións de bombeo: ata 2 puntos.

3. Melloras relacionadas co servizo: ata 9 puntos

3.1. Obras de renovación: ata 4 puntos

3.2. Outras melloras: ata 5 puntos


Tras un breve cambio de impresións dos integrantes da mesa de contratación, e despois das explicacións oportunas dos pormenores do informe de valoración dos criterios de adjudicación ponderables mediante un xuizo de valor, e efectuado pola empresa IDOM INGENIERIA Y CONSULTORIA S.A o cal foi entregado no momento de empezar esta reunión, a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Primeiro.- Valorar as ofertas presentadas acordo co seguinte cadro que a continuación se detalla:

	PUNTOS MÁXIMOS	UTE	GESTAGUA S.A
PROXECTO DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO	12	9,75	11,85
Organización prantexada do servizo que permita garantir a calidade de servizo	6	4,95	5,85
Medios materiais e técnicos	6	4,8	6
METODOLOXÍA DE XESTIÓN E MELLORA	13	8,8	10,45
Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións e rede de abastecemento	5	3,82	3,44
Plan de control de calidad de auga potable	2	1,15	1,73
Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións e rede de saneamento	2	1,7	1,6
Plan de control de vertidos e fugas de saneamento	2	0,78	2
Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das EDAR e estacións de bombeo	2	1,35	1,68
MELLORAS RELACIONADAS CO SERVIZO	9	4,5	3,75
Obras de renovación	4	2	0
Outras melloras	5	2,5	3,75
Puntuación total	34	23,05	26,05

Segundo.- Unha vez valoradas as ofertas que se conteñen nos sobres B do procedemento, ao abeiro do artigo 27 do Real decreto 817/2009 de 8 de maio, fixar para o día 14 de novembro de 2014 ás dez horas a apertura dos sobres "C" denominado "proposición económica" na Casa Consistorial do concello de Ames.

E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor presidente da por rematado o acto, sendo as 14:30 horas, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.



The image shows five handwritten signatures in blue ink, likely from the members of the bidding committee and the secretary, positioned at the bottom of the document. There is also a small number '2' written near the bottom center of the page.